

## PRESENTACION “O TEMPO DA MAZÁ”

Privilexio e reto. Esas son as dúas palabras que derivan da invitación de vir a San Sadurniño a realizar unha peza audiovisual. Privilexio, por ter a oportunidade de coñecer tan fermosa vila e compartir a hospitalidade dos seus veciños e veciñas durante uns días. Reto, pola necesidade de atopar un tema sobre o que construír unha pequena película dentro dun contexto descoñecido.

Á hora de afrontar novos proxectos, sempre me interesou, na medida do posible, poder detectar elementos cos que establecer vínculos persoais e afectivos que me axuden a darlle unha perspectiva máis subxectiva e emotiva ao tema a tratar.

Durante o proceso de documentación coñecín o relato de Carlos Fornos\* presentando a Horta de Conservación de Froitas Autóctonas. As descripcións que Carlos facía dos episodios da súa infancia e dos motivos que o levaron a activar a iniciativa foron tremendamente inspiradores. Trouxeron á miña memoria as incursións que de pequeno eu facía na horta dos meus avós: ano tras ano, das mans da miña avoa, ía descubrindo e desfrutando dos sabores característicos das cereixas, pexegos, peras e mazás da Terra Chá lucense. As lembranzas daqueles sabores viñeron acompañadas de moitas outras sensacións, pero sobre todo da certeza de que acababa de atopar a idea central da película.

Quixen falar da labor e dos moitos aspectos que trata de coidar e salvagardar a Asociación dun xeito lírico, deixando de lado calquer aproximación narrativa documental. A conservación das tradicións, o coidado das raíces, a posta en valor dunha agricultura sustentable e a importancia da transmisión de coñecementos entre xeracións son algunhas das imaxes provocadas polo sabor dunha mazá.

A utilización de material e técnicas analóxicas artesanais no proceso de realización da curtametraxe responde a unha intención de achegar os traballos da imaxe aos traballos da horta. Así a rodaxe en negativo cinematográfico foi a miña plantación da semente. O revelado manual, a auga o sol e o abono. As tesouras utilizadas na montaxe e edición aseméllanse moito ás empregadas na poda. E por último, a proxección, ese momento no que recollemos o froito do traballo e degustamos a calidade dos seus sabores.

Gustaríame agradecer públicamente aos participantes e colaboradores que posibilitaron a realización desta curtametraxe, especialmente ás “comedoras de mazás” que fixeron máis fácil e agradable a experiencia. Aproveito a ocasión para destacar o meu agradecemento a Maria Teresa Pouso e a súa filla Maria Teresa López pola súa amabilidade e xenerosidade.

Moitas grazas a todas e todos.

\* <https://www.youtube.com/watch?v=-POLURezeKI>